

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E EMPRESA

- 2980** *Real decreto 102/2019, do 1 de marzo, polo que se crea a Autoridade Macroprudencial Consello de Estabilidade Financeira, se establece o seu réxime xurídico e se desenvolven determinados aspectos relativos ás ferramentas macroprudenciais.*

I

Nun sistema financeiro complexo e interconectado como o actual cobra especial importancia velar pola estabilidade e previr riscos potencialmente sistémicos que poidan acabar afectando negativamente a economía real. Este tipo de riscos afectan o sistema financeiro no seu conxunto e derivan de fenómenos tales como o crecemento desmesurado do prezo de determinados activos financeiros ou inmobiliarios, o aumento a nivel agregado do volume de crédito, os riscos asociados ás interdependencias entre entidades ou os relacionados co uso de novas tecnoloxías para a provisión de servizos financeiros, entre outros.

Durante a última crise financeira, as ferramentas tradicionais de política económica e de supervisión financeira á disposición das autoridades mostraron as súas limitacións á hora de previr e mitigar parte destes riscos.

Pola súa vez, no ámbito da Unión Europea e por petición da Comisión Europea, publicouse o 25 de febreiro de 2009 o denominado Informe De Larosière que estaba orientado a reforzar os mecanismos europeos de supervisión e recomendaba a creación dun órgano europeo encargado de supervisar os riscos no conxunto do sistema financeiro.

Como consecuencia desta recomendación, creouse a Xunta Europea de Risco Sistémico (XERS), co obxectivo de controlar e avaliar o risco sistémico, e contribuír a garantir a estabilidade financeira e a mitigar os impactos negativos da inestabilidade financeira sobre a economía real, de acordo co Regulamento (UE) n.º 1092/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, relativo á supervisión macroprudencial do sistema financeiro na Unión Europea e polo que se crea a Xunta Europea de Risco Sistémico.

A XERS emitiu o 22 de decembro de 2011 unha Recomendación sobre o mandato macroprudencial das autoridades nacionais en que instaba os Estados membros da Unión Europea a designar unha autoridade responsable da supervisión macroprudencial. Esta recomendación buscaba mellorar a eficacia da política macroprudencial, situando a nivel nacional a responsabilidade de adoptar medidas para manter a estabilidade financeira.

Ademais da recomendación da XERS, distintas normas, tanto a nivel nacional como da Unión Europea, recolleron a necesidade de adoptar medidas macroprudenciais de carácter estatal. Así, no marco regulatorio europeo, o artigo 458 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, recolle unha serie de medidas macroprudenciais aplicables en determinadas circunstancias pola autoridade que o Estado membro designe para tal efecto. En España, a disposición transitoria primeira do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, establece que, até que non se cree unha autoridade macroprudencial específica, corresponderán ao Banco de España tales facultades.

Así mesmo, a disposición adicional décimo oitava da Lei 10/2014, do 26 de xuño, instaba o Goberno a informar as Cortes Xerais sobre as medidas que habería que adoptar para potenciar a nivel nacional a supervisión da estabilidade financeira, a análise macroprudencial, a coordinación e intercambio de información na prevención de crise

financeiras, e, en xeral, a cooperación entre as autoridades con competencias na preservación da estabilidade financeira.

Pola súa parte, o Fondo Monetario Internacional (FMI), no Programa de avaliación do sector financeiro (Financial Sector Assessment Program, FSAP) para España de 2017, recomendaba establecer un Consello de Risco Sistémico para a coordinación entre axencias, sobre os factores e supervisión relacionados co risco sistémico, e as políticas para o conxunto do sistema no sector financeiro.

Ademais, recentemente o Real decreto lei 22/2018, do 14 de decembro, polo que se establecen ferramentas macroprudenciais, atribuíu facultades adicionais ao Banco de España, á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para abordar posibles riscos do sistema financeiro español desde unha perspectiva macroprudencial.

II

Este real decreto segue avanzando na correcta supervisión dos riscos macroprudenciais, e con ese fin crea a Autoridade Macroprudencial Consello de Estabilidade Financeira (Amcesfi), e regula a súa organización e funcionamento.

Xa en 2006 o daquela Ministerio de Economía e Facenda, o Banco de España, a CNMV e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións asinaron un acordo de cooperación co obxectivo de fomentar a colaboración en materia de estabilidade financeira e de prevención e xestión de crises con efectos potencialmente sistémicos e mediante o cal se creou o Comité de Estabilidade Financeira (CESFI).

A Amcesfi substitúe o CESFI e busca mellorar a coordinación da supervisión macroprudencial a nivel nacional e axudar a previr ou mitigar os riscos sistémicos, o cal debe redundar nunha contribución máis sustentable do sistema financeiro ao crecemento económico. Así mesmo, ten como misión o seguimento e a análise daqueles factores que poidan afectar o risco sistémico, por un lado, e por outro, a emisión de opinións, alertas e recomendacións, cando así o considere oportuno á luz da súa análise previa. As competencias de supervisión seguen quedando atribuídas ás autoridades nacionais que as viñan exercendo até agora, as cales contan con maior información e experiencia no seguimento dos entes supervisados, e, deste modo, respéctase a súa independencia. A Amcesfi reforza esas funcións, analizando e emitindo opinións e alertas, e podendo chegar, en último termo, a dirixir recomendacións de política macroprudencial aos tres supervisores financeiros sectoriais (Banco de España, CNMV e Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións), para que adopten medidas específicas.

Ademais, este real decreto desenvolve algunhas ferramentas macroprudenciais. Así, establece os aspectos que se deben de ter en conta á hora de adoptar determinadas ferramentas, como os requisitos de colchóns de capital, o establecemento de límites á concentración sectorial e a fixación de condicións sobre a concesión de préstamos e outras operacións, cando só se exixa respecto de exposicións fronte a un determinado sector ou categoría. Tamén recolle este real decreto a enumeración das distintas ferramentas macroprudenciais que o Real decreto lei 22/2018, do 14 de decembro, define na súa disposición adicional única e que cada normativa sectorial regula.

Así mesmo, en relación coas distintas ferramentas macroprudenciais, establécese que tanto a súa posible adopción como a súa recalibraxe ou desactivación deberán notificarse á Amcesfi antes da súa adopción e posterior comunicación ao público e afectados.

III

Este real decreto consta de seis capítulos. O primeiro deles establece as disposicións xerais relativas á Amcesfi, e prevé a súa natureza e finalidade. Esta constitúese como un órgano colexiado dos previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrito ao Ministerio de Economía e Empresa adoptando o réxime dos órganos colexiados das distintas administracións públicas, coas particularidades que se establecen neste real decreto.

O capítulo II regula a estrutura e funcionamento da Amcesfi. A Amcesfi componse dun Consello, un Comité Técnico como órgano de apoio e os subcomités que o Consello acorde constituír. Estes órganos están formados por representantes do Ministerio de Economía e Empresa, o Banco de España e a CNMV, e prevese a posibilidade de invitar outras autoridades públicas, tales como o FROB, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, así como a representantes de institucións europeas e internacionais. En canto ao seu funcionamento, séguense os criterios establecidos para os órganos colexiados das distintas administracións públicas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, adaptándoos ás características específicas da Amcesfi.

O capítulo III regula as funcións e facultades da Amcesfi, a cal pode formular opinións, alertas e recomendacións sobre todas aquelas cuestións que poidan afectar a estabilidade financeira. Os destinatarios das recomendacións da Amcesfi deberán explicar como van dar cumprimento a estas ou xustificar adecuadamente, se for o caso, os motivos polos que consideran innecesario ou inadecuado seguilas.

Por outro lado, o capítulo IV dedícase ás ferramentas macroprudenciais e ao procedemento de comunicación á Amcesfi.

Para contribuír ao mantemento da estabilidade financeira dentro da Unión Europea, o capítulo V regula a obrigaón de cooperación coas autoridades macroprudenciais doutros Estados membros, así como coas institucións europeas competentes.

Finalmente, o capítulo VI establece a obrigaón da Amcesfi de render contas mediante a elaboración dun informe anual e a comparecencia da presidenta da Amcesfi ante a Comisión correspondente do Congreso dos Deputados.

Ademais, o real decreto inclúe tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras. Das disposicións adicionais, a primeira designa o Banco de España como autoridade competente para a aplicación do artigo 458 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, consagrando de forma definitiva unha atribución outorgada até agora de forma transitoria pola disposición transitoria primeira do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, mentres que a terceira dispón que o Ministerio de Economía e Empresa elaborará cada tres anos, e por primeira vez en 2022, un informe sobre o cumprimento por parte da Amcesfi dos obxectivos previstos neste real decreto.

IV

Este real decreto responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 129.

Polo que se refire aos principios de necesidade e eficacia, este real decreto é o instrumento óptimo para crear unha autoridade nacional cuxo obxectivo final é identificar, previr e mitigar o desenvolvemento do risco sistémico e procurar unha contribución sustentable do sistema financeiro ao crecemento económico. A nova autoridade adopta a forma de órgano colexiado ao abeiro do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e componse de representantes dos tres supervisores financeiros sectoriais e do Ministerio de Economía e Empresa.

En canto aos principios de proporcionalidade, de seguridade xurídica e de eficiencia, este real decreto establece a regulación mínima imprescindible para o cumprimento dos seus fins, é coherente co resto do ordenamento xurídico, tanto nacional como internacional, e non impón cargas administrativas. Por último, no que se refire ao principio de transparencia, o real decreto foi sometido ao pertinente trámite de audiencia e información pública.

V

Este real decreto apróbase en virtude do disposto no artigo 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro; da disposición derradeira segunda do Real decreto lei 22/2018, do 14 de decembro; da disposición derradeira quinta da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo; da disposición derradeira décimo terceira da Lei 10/2014, do 26 de xuño; da disposición derradeira sétima da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo; da disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, e da disposición derradeira décimo sétima da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Así mesmo, dítase en execución do artigo 458 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

Durante o seu proceso de elaboración o proxecto foi sometido á consideración da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, mediante procedemento escrito, ao informe previo da Axencia Española de Protección de Datos e ao ditame do Banco Central Europeo.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Empresa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais*Artigo 1. Natureza e finalidade da Amcesfi.*

1. Este real decreto ten por obxecto a creación da Autoridade Macroprudencial Consello de Estabilidade Financeira (Amcesfi), como autoridade macroprudencial nacional destinada a identificar, previr e mitigar o desenvolvemento do risco sistémico e procurar unha contribución sustentable do sistema financeiro ao crecemento económico.

2. Así mesmo, ten por obxecto o desenvolvemento das ferramentas macroprudenciais que poden adoptar o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, así como do procedemento para a súa comunicación á Amcesfi antes da súa adopción.

3. Para os efectos deste real decreto, entenderase por risco sistémico, segundo o disposto na disposición adicional única do Real decreto lei 22/2018, do 14 de decembro, polo que se establecen ferramentas macroprudenciais, aquel que poida xerar unha perturbación nos mercados de servizos financeiros con impacto potencial negativo sobre a economía real.

4. A Amcesfi é un órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Economía e Empresa. Rexerase polo establecido nesta norma e no non previsto nela, pola sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5. A Amcesfi ten como obxectivo coadjuvar na estabilidade do sistema financeiro no seu conxunto mediante a identificación, prevención e mitigación daquelas circunstancias ou accións que poidan orixinar un risco sistémico.

Para tal efecto, a Amcesfi realizará o seguimento e a análise dos factores que poidan afectar o risco sistémico e poderá emitir opinións, alertas e recomendacións nos termos previstos no capítulo III.

6. A Amcesfi perseguirá o obxectivo establecido no número 5 con independencia funcional e en colaboración cos tres supervisores financeiros sectoriais conforme o disposto neste real decreto e na normativa sectorial correspondente.

CAPÍTULO II

Estrutura e funcionamento da Amcesfi

Artigo 2. *Composición da Amcesfi.*

A Amcesfi estará composta por un Consello, un Comité Técnico e os subcomités que se creen de conformidade co artigo 8.

Artigo 3. *Composición e funcionamento do Consello.*

1. Corresponde ao Consello exercer as funcións atribuídas á Amcesfi, para cuxo efecto adoptará as decisións pertinentes e realizará o seguimento da súa execución.

2. O Consello estará composto polos seguintes membros:

- a) A ministra de Economía e Empresa, que o presidirá.
- b) O gobernador do Banco de España, que asumirá a vicepresidencia.
- c) O presidente da CNMV.
- d) A subgobernadora do Banco de España.
- e) A vicepresidenta da CNMV.
- f) A secretaria de Estado de Economía e Apoio á Empresa.
- g) O director xeral de Seguros e Fondos de Pensiós.

3. Actuará como secretario do Consello o avogado do Estado da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, con voz pero sen voto, ao non ser membro do Consello.

4. O Consello poderá acordar a asistencia ás súas sesións, en calidade de expertos con voz pero sen voto, de persoal do Ministerio de Economía e Empresa, do Banco de España, da CNMV e doutras institucións públicas relacionadas coa estabilidade financeira, como o FROB, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, así como de representantes de institucións europeas e internacionais.

5. Os membros do Consello:

a) Recibirán a convocatoria coa orde do día das reunións coa antelación mínima prevista no artigo 6.2. A información sobre o contido dos temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros con anterioridade suficiente á reunión.

b) Poderán participar nos debates das sesións.

c) Poderán exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Poderán formular rogos e preguntas.

e) Obterán a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

f) Exercerán cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

6. Os membros do Consello non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas no artigo 4 á presidenta e ao vicepresidente.

7. En casos de vacancia, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os membros titulares do Consello poderán ser substituídos polo suplente que designen. Este deberá ter un cargo cun rango mínimo de director xeral no organismo en que exerza o seu cargo o titular, salvo no caso do director xeral de Seguros e Fondos de Pensiós, cuxo suplente poderá ser calquera dos demais representantes do Ministerio de Economía e Empresa.

A suplencia da ministra de Economía e Empresa exercerase conforme o previsto no artigo 4.2.

8. O Consello poderá aprobar un regulamento de réxime interno onde se desenvolverán as regras de organización e funcionamento do propio Consello e do Comité Técnico.

Artigo 4. *Presidencia e Vicepresidencia do Consello.*

1. Corresponde á Presidencia:

- a) Impulsar e supervisar todas as actuacións que, conforme este real decreto, deba executar a Amcesfi.
- b) Ter a representación da Amcesfi.
- c) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta as peticións dos demais membros, sempre que fosen formuladas coa suficiente antelación.
- d) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- e) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.
- f) Velar polo cumprimento das leis.
- g) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- h) Render contas ás Cortes Xerais nos termos previstos no artigo 20.

2. Corresponde ao vicepresidente representar a Amcesfi en institucións e organismos internacionais e substituír a presidenta en caso de vacancia, ausencia ou enfermidade.

Artigo 5. *Secretario do Consello.*

1. Corresponde ao secretario do Consello:

- a) Asistir ás reunións con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde da presidenta, así como as citacións aos membros.
- c) Velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado.
- d) Garantir que os procedementos e regras de constitución e adopción de acordos sexan respectados.
- e) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano, sexan notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos cales deba ter coñecemento.
- f) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
- g) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- h) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario.

2. En caso de vacancia, ausencia ou enfermidade do secretario, este será substituído pola persoa que decida a presidenta do Consello, que será unha persoa que desempeñe funcións nos organismos que forman parte do Consello e que conte cunha cualificación similar á da persoa a que substitúe, incluíndo os membros do Consello.

Artigo 6. *Convocatoria e sesións do Consello.*

1. O Consello reunirse ao menos unha vez cada seis meses, e sempre que o convoque a presidenta por iniciativa propia, por petición de, ao menos, dous dos seus membros ou por petición do Comité Técnico, de acordo co previsto no número seguinte.

2. A convocatoria realizarase cunha antelación mínima de quince días. Este prazo poderá ser reducido a un mínimo de dous días cando motivos de urxencia así o aconsellen. Así mesmo, excepcionalmente, o Consello poderá celebrar sesións extraordinarias, sen convocatoria previa, sempre que, estando presentes todos os seus membros e o

secretario, acorden unanimemente constituírse en consello e celebrar a correspondente sesión.

Excepcionalmente, por razóns de urxencia debidamente explicitadas na convocatoria, o Consello poderá celebrarse e adoptar as súas decisións a distancia por medios electrónicos.

3. Para a válida constitución do Consello, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou telemática, de todos os seus membros ou, se for o caso, daqueles que deban exercer a súa suplencia.

4. As decisións do Consello aprobaranse pola maioría simple dos seus membros, co voto de calidade da súa presidenta en caso de empate.

5. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do Consello, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable.

Artigo 7. *Comité Técnico de Estabilidade Financeira.*

1. O Comité Técnico de Estabilidade Financeira é un órgano de apoio ao Consello encargado da preparación e estudo dos asuntos que serán sometidos ao Consello. Para tales efectos, o Comité Técnico de Estabilidade Financeira levará a cabo as seguintes funcións:

- a) Revisará a situación en termos de estabilidade financeira e elevará ao Consello informes pertinentes.
- b) Elevará ao Consello propostas de adopción de opinións, alertas e recomendacións.
- c) Fará un seguimento das discusións sobre política macroprudencial nos foros internacionais, incluídas as medidas adoptadas noutras xurisdicións con implicacións para España.
- d) Todas aquelas funcións que lle encomende o Consello.

2. O Comité Técnico de Estabilidade Financeira estará composto polos seguintes membros:

- a) A subgobernadora do Banco de España, que o presidirá.
- b) O secretario xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, que asumirá a Vicepresidencia.
- c) A vicepresidenta da CNMV.
- d) A directora xeral do Tesouro e Política Financeira.
- e) O director xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
- f) O director xeral de Estabilidade Financeira, Regulación e Resolución do Banco de España.
- g) A directora xeral de Supervisión do Banco de España.
- h) O director xeral de Política Estratéxica e Asuntos Internacionais da CNMV
- i) O director xeral de Mercados ou o director xeral de Entidades da CNMV, en función dos temas que se vaian tratar.

3. Aos membros do Comité Técnico resultarlles aplicable o previsto no artigo 3.5 para os membros do Consello.

4. As funcións de secretario do Comité Técnico serán exercidas polo director xeral de Estabilidade Financeira, Regulación e Resolución do Banco de España, con voz e voto, como membro do Comité Técnico. Corresponderanlle as mesmas funcións que as previstas para o secretario do Consello no artigo 5.

5. O Comité Técnico poderá acordar a asistencia ás súas sesións, con voz pero sen voto, doutros membros das entidades e administracións que forman parte del, así como doutras entidades relacionadas coa estabilidade financeira.

6. En casos de vacancia, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os membros titulares do Comité Técnico de Estabilidade Financeira poderán ser substituídos polo suplente que designen. Este deberá ter un cargo

cun rango mínimo de subdirector xeral ou equivalente no organismo en que exerza o seu cargo o titular.

7. O Comité Técnico reunirase ordinariamente ao menos unha vez cada tres meses e sempre que o convoque a súa presidenta por iniciativa propia ou por petición de, ao menos, dous dos seus membros. Para a válida constitución do Comité, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancia por medios electrónicos, da maioría dos seus membros, incluídos a presidenta e o secretario.

8. A convocatoria realizarase cunha antelación mínima de quince días. Este prazo poderá ser reducido a un mínimo de dous días cando motivos de urxencia así o aconsellen.

9. Os informes e propostas que se eleven ao Consello aprobaranse por maioría simple dos asistentes co voto de calidade da presidenta.

Artigo 8. *Subcomités.*

O Consello poderá acordar, por instancia propia ou por proposta do Comité Técnico, a constitución dos subcomités temporais ou permanentes que considere precisos cando así o aconselle a especificidade das materias que se vaian tratar. Estes subcomités renderán contas da súa actividade ao Comité Técnico coa periodicidade que este estableza.

CAPÍTULO III

Funcións e facultades da Amcesfi

Artigo 9. *Funcións e facultades.*

1. A Amcesfi ten como funcións a identificación, a prevención e a mitigación de aquelas circunstancias ou accións que poidan orixinar un risco sistémico no sector financeiro. Para estes efectos, a Amcesfi levará a cabo un seguimento e análise de factores que poidan causar un risco sistémico, tal e como se encontra definido no artigo 1.3 deste real decreto. Á luz dos resultados destes traballos, a Amcesfi poderá emitir opinións, alertas e recomendacións nos termos previstos.

Así mesmo, e de acordo co artigo 13, a Amcesfi poderá promover a utilización das ferramentas macroprudenciais que teñen asignadas os tres supervisores financeiros sectoriais.

2. Ao emitir as súas opinións, alertas e recomendacións, a Amcesfi deberá especificar, sempre que sexa posible, o factor de risco sistémico que pretende abordar e o seu nivel de criticidade.

3. O Consello e o Comité Técnico de Estabilidade Financeira poderán solicitar informes non vinculantes a expertos independentes.

Artigo 10. *Análise dos factores de risco sistémico.*

1. O Consello identificará e priorizará os factores de risco sistémico do sector e dos mercados financeiros.

2. Para tales efectos, o Comité Técnico seleccionará e identificará os indicadores de risco sistémico que considere adecuados para o seguimento dos factores de risco, establecendo a periodicidade de cálculo deles. Tamén poderá propor a introdución de novos indicadores, desenvolver as metodoloxías necesarias e terá en conta as opinións, avisos e recomendacións emitidas polas institucións europeas competentes e, especialmente, os da Xunta Europea de Risco Sistémico.

Artigo 11. *Opinións.*

O Banco de España, a CNMV e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comunicarán á Amcesfi a súa vontade de adoptar unha decisión sobre a aplicación dalgunha das ferramentas macroprudenciais previstas na lexislación aplicable nos termos establecidos

no artigo 16. Recibida esta comunicación, a Amcesfi emitirá a súa opinión ao respecto. En caso de que a dita opinión inclúa unha recomendación, resultará de aplicación o previsto no artigo 13.

Artigo 12. *Alertas.*

1. A Amcesfi poderá alertar mediante comunicacións dirixidas ao conxunto do sistema financeiro, a unha autoridade financeira en particular ou a un grupo ou subgrupo de participantes no sector financeiro sobre aquelas actividades ou elementos que poidan constituír un factor de risco sistémico.

2. No caso das alertas dirixidas a entidades supervisadas, será o supervisor correspondente o responsable da súa transmisión a estas.

Artigo 13. *Recomendacións.*

1. A Amcesfi poderá recomendar ao Banco de España, á CNMV e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a adopción de medidas que se encontren dentro dos seus ámbitos de competencia para previr ou atenuar factores de risco sistémico.

2. Os destinatarios das recomendacións comunicarán á Amcesfi as actuacións emprendidas para dar cumprimento a estas ou xustificarán a falta de adopción de tales medidas. A Amcesfi comunicará a estes destinatarios o prazo de que dispoñen para remitir a súa contestación.

3. Se a Amcesfi considera que a recomendación non foi seguida ou que a falta de actuación non foi adecuadamente xustificada, informará os destinatarios e outorgaralles un prazo adicional para dar cumprimento á recomendación ou, se for o caso, xustificar adecuadamente a falta de adopción de medidas. No caso de que non se dea cumprimento á recomendación no prazo adicional ou non se facilite unha xustificación adecuada, publicarase este feito, salvo que o Consello considere o contrario de conformidade co artigo 14.

Artigo 14. *Publicidade de opinións, alertas e recomendacións.*

1. O Consello fará públicas as opinións, alertas e recomendacións emitidas, así como a resposta dos destinatarios das recomendacións, salvo que se aprecie que a publicación poida comportar efectos prexudiciais para a estabilidade financeira. A decisión de non publicación deberá ser aprobada por maioría simple do Consello.

2. En caso de que se decida non facer pública unha opinión, unha alerta ou unha recomendación, os destinatarios e a Amcesfi adoptarán todas as medidas necesarias para preservar o seu carácter confidencial.

CAPÍTULO IV

Ferramentas macroprudenciais e procedemento de comunicación á Amcesfi

Artigo 15. *Ferramentas macroprudenciais.*

1. O Banco de España, a CNMV e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poden adoptar, nos termos previstos na correspondente normativa sectorial, as seguintes ferramentas macroprudenciais co fin de previr riscos sistémicos e procurar unha contribución sustentable do sistema financeiro ao crecemento económico:

a) Os requisitos de colchóns de capital, segundo o previsto nos artigos 43 a 49 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, e no artigo 190 bis do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

b) O establecemento de límites á concentración sectorial, de acordo co artigo 69 bis da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

c) A fixación de condicións sobre a concesión de préstamos e outras operacións en virtude do artigo 69 ter da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

d) No concernente ás entidades suxeitas á supervisión do Banco de España, a aplicación de maiores ponderacións de risco para as exposicións inmobiliarias en virtude dos artigos 124.2 e 164.5 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

e) A aplicación dalgunha das medidas previstas no artigo 458 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

f) A suspensión do reembolso de participacións en institucións de investimento colectivo, de acordo co previsto no artigo 4.10 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, cando, polo número ou tamaño das institucións afectadas, poida ter implicacións desde o punto de vista da estabilidade financeira ou do ordenado funcionamento do mercado de valores.

g) A adopción de medidas dirixidas a reforzar o nivel de liquidez das carteiras de institucións de investimento colectivo reguladas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, así como as das entidades de investimento colectivo reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

h) A fixación de límites ao nivel de aparcamento de institucións de investimento colectivo, de entidades de capital risco ou de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, así como doutras restricións en materia de xestión respecto dos vehículos xestionados, de conformidade co artigo 71 septies da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e co artigo 87 da Lei 22/2014, do 12 de novembro, cando tales medidas se adopten para preservar a estabilidade e integridade do sistema financeiro.

i) A introdución de límites e condicións á actividade de entidades supervisadas coa finalidade de evitar un endebedamento excesivo do sector privado que poida afectar a estabilidade financeira, segundo o establecido no artigo 234 bis do texto refundido da Lei do mercado de valores.

j) A prohibición ou restrición das vendas en curto e operacións similares conforme o artigo 20 do Regulamento (UE) n.º 236/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, sobre as vendas en curto e determinados aspectos das permutas de cobertura por impagamento, así como a prohibición ou restrición de operacións con permutas de cobertura por impagamento soberano conforme o artigo 21 do mesmo regulamento.

k) O establecemento de límites á exposición agregada das entidades aseguradoras e reaseguradoras, así como a fixación de límites e condicións ás transferencias de riscos e carteiras de seguros por estas mesmas entidades, en virtude do previsto no artigo 117 bis da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

l) Calquera outra medida que se inclúa nas leis sectoriais e que determine o Consello que constitúe unha ferramenta macroprudencial.

2. Respecto das ferramentas macroprudenciais previstas nas alíneas a), b) e c) do número anterior, cando só se apliquen en función de exposicións fronte a un determinado sector ou categoría, poderaas ter en conta o Banco de España e a CNMV nos seus ámbitos de competencias respectivos, entre outros, os seguintes aspectos:

a) A relevancia cuantitativa dos distintos sectores de exposicións crediticias das entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, co fin de determinar os potenciais límites á concentración sectorial, de acordo co artigo 69 bis da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e o posible colchón anticíclico establecido no artigo 45 da citada lei e no artigo 190 bis do texto refundido da Lei do mercado de valores aprobado polo Real decreto

lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, cando se exixa fronte a exposicións dun determinado sector.

b) Os factores relevantes para fixar os límites e condicións sobre a concesión de préstamos e a adquisición de títulos de renda fixa e derivados polas entidades de crédito, para operacións co sector privado radicado en España, de acordo co artigo 69 ter da Lei 10/2014, do 26 de xuño, incluíndo, entre outros, a relación entre o volume de crédito outorgado aos prestameiros e tanto as garantías achegadas por estes como os seus ingresos dispoñibles, a carga financeira que supón a súa devolución, a duración destes contratos, a natureza fixa, variable ou mixta do tipo de xuro contratado e a moeda das operacións crediticias.

c) A dinámica do crédito en cada sector de exposición crediticia.

d) Os criterios que, ao respecto, establezan os organismos e autoridades europeas e internacionais en relación cos obxectivos, instrumentos e indicadores de natureza macroprudencial.

Artigo 16. *Comunicación á Amcesfi.*

1. De acordo coa disposición adicional única do Real decreto lei 22/2018, do 14 de decembro, cando o Banco de España, a CNMV ou a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións prevexan adoptar ferramentas de carácter macroprudencial, deberán comunicalo á autoridade macroprudencial cunha antelación de ao menos sete días hábiles respecto do momento en que se comuniquen ao público e aos afectados.

As mesmas regras se aplicarán nos supostos de recalibraxe ou de desactivación de tales ferramentas.

2. Este prazo poderase reducir cando as circunstancias do mercado o aconsellen ou cando, para garantir a eficacia da medida, se requira a súa aplicación inmediata. Neste caso, a comunicación deberá incluír unha xustificación adecuada da dita urxencia.

CAPÍTULO V

Cooperación e coordinación con outras autoridades

Artigo 17. *Deber de colaboración.*

1. De conformidade co previsto no artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e coa normativa específica que a cada un deles resulte aplicable, os seguintes organismos e autoridades colaborarán de boa fe coa Amcesfi e facilitaranlle a información de que dispoñan no exercicio das súas respectivas responsabilidades e que resulte necesaria para o exercicio das funcións da Amcesfi:

- a) O Banco de España.
- b) A CNMV.
- c) A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
- d) O FROB.
- e) O Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.
- f) O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.
- g) O Fondo de Garantía de Investimentos.
- h) O Consorcio de Compensación de Seguros.
- i) A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.
- j) A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.
- k) O Instituto de Actuarios Españois.
- l) Calquera outra autoridade ou organismo público pertinente.

2. A Amcesfi poderá obter información relevante para o desempeño das súas funcións a través do Banco de España, a CNMV e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

3. Os datos, documentos e informacións que figuren en poder da Amcesfi en virtude do exercicio da supervisión macroprudencial utilizaranse exclusivamente no exercicio das súas funcións, terán carácter reservado e non poderán ser divulgados a ningunha persoa ou autoridade.

4. Exceptúanse da obrigaón de segredo regulada neste artigo:

a) Os supostos en que o interesado consinta expresamente a difusión, publicación ou comunicación dos datos.

b) A publicación de datos agregados con fins estatísticos, ou as comunicacións en forma sumaria ou agregada de maneira que os participantes concretos nos mercados financeiros non poidan ser identificados nin sequera indirectamente.

c) As informacións requiridas polas autoridades xudiciais competentes nun proceso penal.

d) As informacións que a Amcesfi teña que facilitar ao Banco de España, á CNMV e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para o cumprimento das súas respectivas funcións.

e) A información comunicada á Xunta Europea de Risco Sistémico, cando esta información sexa pertinente para o desempeño das súas funcións conforme o Regulamento (UE) n.º 1092/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, relativo á supervisión macroprudencial do sistema financeiro na Unión Europea e polo que se crea unha Xunta Europea de Risco Sistémico.

f) As informacións requiridas polo Tribunal de Contas ou por unha Comisión de Investigación das Cortes Xerais nos termos establecidos na súa lexislación específica.

As Cortes Xerais poderán solicitar a información sometida á obrigaón de segredo a través da presidenta da Amcesfi, de conformidade co previsto nos regulamentos parlamentarios. Para tal efecto, a presidenta poderá solicitar motivadamente aos órganos competentes da Cámara a celebración de sesión secreta ou a aplicación do procedemento establecido para o acceso ás materias clasificadas. Os membros dunha comisión de investigación que reciban información de carácter reservado virán obrigados a adoptar as medidas pertinentes que garantan a súa reserva.

A reserva entenderase levantada desde o momento en que os interesados fagan públicos os feitos a que aquelas se refiran.

5. Todas as persoas que desempeñen ou desempeñasen unha actividade para a Amcesfi e tivesen coñecemento de datos, documentos e informacións de carácter reservado estarán obrigadas a gardar secreto sobre eles. Estas persoas non poderán publicar, comunicar ou exhibir datos ou documentos reservados, nin sequera despois de ter cesado no servizo, salvo autorización expresa da Amcesfi e nos casos previstos pola lei.

6. Os tratamentos de datos de carácter persoal das persoas físicas realizaranse con estrita suxeición ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos e no resto da normativa sobre protección de datos persoais.

Artigo 18. *Colaboración con autoridades macroprudenciais doutros países.*

1. A Amcesfi terá en conta os obxectivos de estabilidade financeira da Unión Europea e o Espazo Económico Europeo e cooperará coas autoridades macroprudenciais doutros Estados membros e coas institucións europeas competentes.

2. A Amcesfi informará o secretariado da Xunta Europea de Risco Sistémico con suficiente antelación das recomendacións emitidas conforme o artigo 13, así como das alertas emitidas conforme o artigo 12. Tamén será informado con suficiente antelación o Banco Central Europeo cando a recomendación emitida afecte entidades baixo a súa supervisión directa.

3. A Amcesfi poderá adoptar a nivel nacional as recomendacións da Xunta Europea de Risco Sistémico, nos casos en que sexa a autoridade competente para tales efectos, ou facilitar unha xustificación da falta de actuación, se for o caso, nos termos previstos no Regulamento (UE) n.º 1092/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010.

CAPÍTULO VI

Rendición de contas

Artigo 19. *Informe anual.*

A Amcesfi elaborará un informe anual, que será público, e no cal se recollerán e analizarán as principais fontes de risco sistémico identificadas, así como as opinións, as alertas e as recomendacións emitidas, coa excepción daquelas que o Consello decida non publicar.

Artigo 20. *Control parlamentario.*

Tras a publicación do informe anual, a presidenta da Amcesfi comparecerá ante a Comisión de Economía e Empresa do Congreso dos Deputados co fin de informar sobre as fontes de risco sistémico identificadas e as accións levadas a cabo pola Amcesfi.

Disposición adicional primeira. *Autoridade competente para a aplicación do artigo 458 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.*

O Banco de España será a autoridade competente para a aplicación do artigo 458 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de servizos de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

Disposición adicional segunda. *Recursos da Amcesfi.*

As medidas previstas neste real decreto non suporán incremento de retribucións, de dotacións, nin doutros custos de persoal. Cada un dos organismos membro da Amcesfi, con cargo aos seus orzamentos, facilitará os recursos humanos e materiais necesarios para o seu funcionamento.

Disposición adicional terceira. *Informe de cumprimento.*

O Ministerio de Economía e Empresa elaborará cada tres anos, e por primeira vez en 2022, un informe sobre o cumprimento por parte da Amcesfi dos obxectivos previstos neste real decreto así como sobre a idoneidade da súa estrutura organizativa, dos instrumentos dispoñibles e do réxime de cooperación con outras autoridades para alcanzar tales obxectivos. Deste informe poderá derivar que o Goberno adopte medidas de mellora do marco de supervisión macroprudencial.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a este real decreto e, en particular, a disposición transitoria primeira do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 11.^a e 13.^a, da Constitución española, que atribúen ao Estado as competencias sobre bases da

ordenación de crédito, banca e seguros e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Revisión da composición do Consello e do Comité Técnico.*

En caso de que se constituía unha autoridade independente para a supervisión de seguros, o Goberno modificará a composición do Consello da Amcesfi e do seu Comité Técnico de Estabilidade Financeira coa finalidade de incorporar a eles representantes da dita nova autoridade.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento e execución.*

1. Habíltese a ministra de Economía e Empresa para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

2. O Banco de España poderá, mediante circular, e conforme o disposto no artigo 3 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento das ferramentas macroprudenciais previstas nas letras b) e c) do artigo 15.1 do presente real decreto, así como as previstas na súa alínea a) cando só se exixan respecto de exposicións fronte a un determinado sector ou categoría e respecto ao previsto nos artigos 43 a 49 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Incluiranse, en particular, a regulación do seu contido, procedemento de comunicación ao público e aos interesados, e efectos. Para tal fin, poderá ter en conta, entre outros, os aspectos recollidos no artigo 15.2 deste real decreto.

3. A CNMV poderá mediante circular, e conforme o disposto no artigo 21 do texto refundido da Lei do mercado de valores, ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento da ferramenta macroprudencial prevista na alínea a) do artigo 15.1 do presente real decreto cando só se exixa respecto de exposicións fronte a un determinado sector e respecto ao previsto no artigo 190 bis do citado texto refundido.

Incluiranse, en particular, a regulación do seu contido, procedemento de comunicación ao público e aos interesados, e efectos. Para tal fin, poderá ter en conta, entre outros, os aspectos recollidos no artigo 15.2.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Economía e Empresa,
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA